

**XOSÉ C. SIERRA RODRÍGUEZ**

Facultativo superior de Museos e  
Director do Museo Etnolóxico  
(Ribadavia-Ourense)

Membro do I.P. S. de Estudos  
Galegos-CSIC

Membro do Grupo Marcelo  
Macías (CECEL-CSIC)

Patrono e membro da Xunta rec-  
tora do Museo do Pobo Galego

Membro do Patronato da Funda-  
ción Vicente Risco e responsa-  
ble da área de Antropoloxía

Membro da Fundación Sotelo  
Blanco

da Asociación Galega de Antro-  
poloxía

Membro do MINOM-Portugal  
(Movemento Internacional para a  
Nova Museologia)





# A obra de Xaquín Lorenzo Fernández, instrumento para a patrimonialización e a musealización antropolóxica en Galicia

Xosé C. Sierra Rodríguez

**A obra etnográfica de Xaquín Lorenzo. Alicerce para o rescate dunha memoria patrimonial.**

Boa parte dos traballos e a meirande parte dos apartados da súa obra sintética, comezan sempre cunha alusión histórica procurando lexitimar a permanencia do descrito nuns precedentes sólidos que se atopan nos períodos máis recuados. A historia e a prehistoria marcan o punto de partida ou, cando menos, o lugar de articulación no tempo dunha forma de ser e existir. En boa medida o debate para comprender adecuadamente a obra dos homes de NÓS e do Seminario de Estudos Galegos non reside en delimitar se elaboraron unha epistemoloxía

folclórica, etnográfica ou antropolóxica. O debate reside en precisar se construían unha historia ou unha antropoloxía, porque para eles todo se implicaba na unidade indisoluble entre Home, Terra e Cultura. As disciplinas eran consideradas meras parcelacións instrumentais, necesidades dun reparto operativo da tarefa investigadora e non áreas de coñecemento diferenciado, porque os presupostos dos que partían, tanto os ideolóxicos como os científicos, lle impedían reproducir os campos parcelarios da especialización académica. Como indica González Reboredo (1996) seu esforzo tende á construción dunha historia cultural de Galicia que a etnografía enche de datos observables que contribúen a fixar

unha imaxe identificadora e afirmadora da peculiaridade cultural do País.

A referencia ao pasado protohistórico e medieval constitúe un limiar que trae un horizonte sobre o que se sitúa a orientación e a posición fronte á historia do fenómeno descrito. Ese pasado cimenta, lexitima e ordea unha secuencia que a etnografía redeseña nun escenario sobre o que se representa unha memoria cultural, alicerce e fundamento da imaxe de Galicia que a patrimonialización posterior e os museos reproducen e rehabilitan. A sociedade campesina conserva unha tradición que a historia descobre e a etnografía verifica e certas paisaxes e certos cultivos son os



soportes da evolución da tradición rural galaica e a manifestación das permanencias que perfilan o carácter identitario de Galicia:

*“A tradición agrícola de Galiza é moi vella; ó parecer, o traballo da terra tiña xa unha certa importancia durante a época dolménica como se comproba polo achádego de muiños chabros nos sepulcros megalíticos [...] Coa pacificación imposta por Roma e co abandono polos celtas dos castros en que vivían, débéronse de intensificar a agricultura que sofre logo outro retroceso coas invasións xermánicas [...]”*

*“O arraigo que o centeo tén na Galiza semella sinalar este cereal como indíxena, cultivado desde os tempos máis vellos”*

### **Da inducción científica á síntese patrimonial e museal**

A unión íntima entre *home e terra* ven mediatizada pola *casa* como lugar de produción e reprodución do grupo doméstico. A xeografía é a representación dese vínculo, polo que sen xeografía non hai historia e sen elas non é doado interpretar a cultura que se coída identificadora da *“alma galega”*:

*“O home lígase directamente á casa do mesmo xeito que a casa se xungue á terra, sendo así a vivenda un vencello que xungue ó home coa xeografía dun xeito íntimo [...]”*

*“Por esta razón é interesante un lixeiro rexistro na historia que nos amostre os antecedentes das nosas casas de hoxe[...]”*

Pero o historicismo evolucionista que preside a concepción da cultura e da vida social de Xaquín Lorenzo non está orfo de crítica e de cautela mesurada. A historia é referencia obrigada para ordenar as relacións entre home e territorio, o que non conleva que a orixe dunha forma ou dunha expresión cultural se manifeste sempre como unha pervivencia ou unha permanencia rixida e mecánica:

*“convén non esaxerar o arcaísmo das pallozas até o extremo de ollar nelas unha especie de fósil protohistórico pois, se ben se non pode negar a súa semellanza coas casas citanienses, compre ter en conta as diferencias entre elas en canto ó grandor; rixidez de forma, economía á que responde cada unha, etc.”*

É salientable o uso do método sintético para concluir e establecer as imaxes da cultura rural e da singularidade histórica das expresións propias da sociedade galaica. Xaquín Lorenzo parte dunha

análise minuciosa na observación e descripción dos rasgos culturais da vida campesina, para lograr respostas inductivas que desemboquen en taxonomías e tipoloxías que permitan dar patróns e postulados concluintes nunha sociedade que ten límites e que se pode comprender a través de características e peculiaridades xenéricas, produto dunha historia particular e dunha forma propia de tecer a trama entre home e xeografía. Moitos son exemplos que podemos dar para ver a pegada deste itinerario científico e cultural. As propias descripcións que fai distinguen variantes maiores e menores nas que é o territorio quen actúa de condicionante, pero esas variantes non desdebuxan as invariantes ou os rasgos que relacionan as formas dun lugar coas diferencias observables noutro:

*“Se fagüemos un análisis detido da pallaza, veremos que non é tan orixinal que non conteña tódolos elementos que atopamos no resto das vivendas de Galiza; cecais se reduza o seu interese a presentar xuntos estes elementos que nas restantes se atopan espargallados”.*

A importancia e a relectura que compre facer de boa parte da obra etnográfica de Xaquín Lorenzo pasa necesariamente polo filtro da moderna antropoloxía económica e pola significación dada



Foto Vilasó. Cedida polo Museo do Pobo Galego.

por varios autores aos **aspectos extraeconómicos** da organización social da vida campesina, máxime cando a súa obra é produto dunha observación que biográficamente coincide co seu traballo máis activo de investigación de campo: entre 1925 e 1965.

Se analizamos as descripcións que realiza de certas actividades e tarefas e da xeralización de certos oficios veremos que é nese período onde hai que situar a paisaxe que debuxa, sen esquecer, por outra banda, que as súas vivencias e a memoria oral da que foi testemuña directa exprican datos e fenómenos que proceden de momentos anteriores ao período indicado. Esta acotación cronolóxica foi percibida por varios autores que destacan a imaxe do “vello complexo agrario” galego subministrada pola obra de Xaquín Lorenzo e que retrata a sociedade campesina do período autárquico da España dos anos 40 ao 60 (Lois González e Piñeira

Mantiñán, 1998). Imaxe robustecida pola regresión que a crise da posguerra provocou nas condicións habitacionais de moitas familias labregas “filmadas” polos textos de Xaquín Lorenzo. A análise que J. M. Cardesín (1999) realiza da demora nos procesos de cambio iniciados entre 1900 e 1930, ocasionada pola involución autárquica do franquismo, coincide de cheo coas formas productivas e a estrutura social perceptible na obra do noso etnógrafo. Os efectos do Plano de estabilización: redución e desaparición dos xornaleiros e tamén dos caseiros (comezada xa antes da guerra), a reconversión de cultivos e a nova mecanización caen fóra do guión redactado pola síntese etnográfica deste autor. As tipoloxías sociais por el descritas responden nidiamente á sociedade rural anterior á mudanza da década dos 60. O apartado que adica ao monte e a descripción que realiza das *alargas* e da relevancia do toxo e do

*Sa de Oficios do Museo do Pobo Galego (MPG), o influxo da obra de X. Lorenzo.*

estercado coinciden coa xeralización do cultivo intensivo que se produce entre os tempos finiseculares e o primeiro tercio do presente século (Balboa, 1988).

Hai certamente na súa obra un interese en mostrar unha sociedade rural priorizada polas permanencias, que non o levan a ocultar cambios e renovacións evidentes, pero que lle dificultan a visión homoxénea da paisaxe que observa. Cita a mecanización do primeiro tercio deste século, estudada posteriormente polos historiadores (Fernández Prieto, 1992), pero difumina o seu interese, en boa parte porque aprecia que a tecnificación é un axente desvinculador do home respecto da terra e reductor da forza e cohesión dos mecanismos de reciprocidade (axudas e entrea-xudas) tan doadamente analizados desde a antropoloxía económica por R. Iturra (1988).

*“Certo é que estas máquinas alivian ó traballador do campo mais non hai dúbida de que tamén o desvencellan da terra ó fague-las angueiras máis impersoás”*



*Sala de Oleiros do MPG.  
Museografía da galería cultural.*



Foto Vilasó. Cedida polo Museo do Pobo Galego.

A sociedade que Iturra estudia en Vilatuxe, que maximiza a acción individual e racionaliza as axudas da reciprocidade colectiva e parroquial é, sen dúbida, o paradigma da sociedade campesina descrita por Xocas e o que conforma, en termos patrimoniais, o binomio memoria-identidade asumido como propio polo conxunto da sociedade galega. A síntese musealizadora, tanto a que reduce a estereotipos esa identidade como a que pretende representar unha memoria crítica da vida social galaica obedece ao discurso tecido polo etnógrafo de Lobeira, ata o punto de provocar hoxe na compulsión musealizadora pola que atravesamos unha mímesis tan acrítica como estereotipada.

### **Os estudos sobre a casa. A antroploxía premusealizada.**

Un dos aspectos que reflicte mellor a densidade antropolóxica

da obra de Xaquín Lorenzo son os seus traballos sobre a casa. Para el o espacio construído como habitación é ante todo un lugar de relación onde se combinan formas constructivas adaptadas ás necesidades do grupo doméstico coas que se derivan da implicación no espacio habitado doutros elementos que forman parte dos procesos productivos, ao tempo que participan das relacións sociais e simbólicas construídas polo grupo familiar co seu contorno. Na casa coexisten, mellor conviven, persoas e facenda (persoas e animais) e todos tecen a rede de relacións que explica e configura ese mundo-centro real, simbólico e social, do ecosistema rural:

*“O elemento máis interesante de toda a produción popular é, sen dúbida, a casa. Non enche somentes o papel de refuxio contra os ataques do meio ambiente, senón que é tamén o*

*aglutinante que xungue entre sí ós membros dunha mesma familia.*

*O home lígase directamente á casa do mesno xeito que a casa se xungue á terra, sendo así a vivenda un vencello que xungue ó home coa xeografía dun xeito íntimo”*

Xaquín Lorenzo ve a casa como espacio construído socialmente e como lugar que se insire harmónicamente no nicho ecolóxico do que forma parte reflectindo nas súas técnicas constructivas esa noción etimolóxica que considera a técnica como un acto creador, tal e como M. Mauss tan nítidamente a definira. Acto creador do individuo, polo tanto construción do suxeito, que para Xocas e para os seus colegas de NÓS e do S.E.G., é un suxeito histórico, individualizable na experiencia e abstraible no colectivo:



*“É dabondo sabido o moito que a terra infruíu na vivenda, xa que é o chan o que ha dar os materiais pra faguela e tén que ser condicionada a certas características climáticas e topográficas; máis convén non esquecer que, en derradeira, é o home o que organiza eses materiais e esta organización faina dun xeito persoal, atendendo, inconscientemente, ós mandatos da raza e da historia[...]*


A complexidade e riqueza etnoantropolóxica da obra de Xaquín Lorenzo foi recentemente destacada, no que afecta singularmente á casa, por Beatriz Ruiz nun clareador artigo sobre o patrimonio doméstico, froito da súa investigación neste eido (Ruiz, 1997) e que penetra nos valores perceptivos que Xocas converte en itinerarios cando describe espazos,

morfoloxías e dependencias. A lectura dos seus traballos sobre este aspecto invita á reflexión sobre a realidade e a virtualidade do espazo museístico e xa nos tempos do S.E.G. a reprodución visual dos lugares de habitación e residencia levaron á reprodución dunhas sorprendentes maquetas, hoxe no Museo do Pobo Galego, executadas na Escola de Artes e Oficios de Ourense.

**A obra etnográfica de Xaquín Lorenzo e o seu reflexo na acción musealizadora. O Museo do Pobo Galego, texto aberto e inacabado de Xocas e do Seminario de Estudos Galegos.**

Anteriormente temos indicado o influxo exercido pola obra etnográfica de Xocas no proceso de reactivación do patrimonio etno-

gráfico en Galicia. Non tocáremos aquí a cuestión do patrimonio etnográfico, a súa definición e os seus límites, cuestión que analizamos polo miúdo noutros traballos (Sierra, 1999), como tampouco trataremos a complexa fenomenoloxía na que se inscribe a “febre” patrimonializadora e musealizadora que nos invade (Sierra, 1999). O certo é que, non tanto a obra directa de Xocas, como a tradución e interpretación que fixeron e fan aínda moitos dos seus difusores axudan a comprender moitas das manifestacións e maneiras que rodean á creación e montaxe de museos e coleccións etnográficas, así como á restauración de moitos elementos da chamada arquitectura popular.



*Museo Etnográfico de Viana do Bolo. Mimetismo museográfico do MPG e da obra de Xocas*



A análise da estrutura museográfica e, máis fundamentalmente, o discurso museolóxico do Museo do Pobo Galego (MPG) constitúe unha réplica museal da obra etnográfica de Xaquín Lorenzo. Réplica asumida e consentida por quen foi desde a súa fundación Presidente do seu Patronato e inspirador constante do seu desenvolvemento museográfico gradual. Significadamente a organización itineraria museal foi procurando, dentro das dificultades inherentes á arquitectura do convento de San Domingos de Bonaval, unha resposta museográfica nas salas que se foron deseñando ó longo dos 22 anos de existencia do museo.

Os grandes espacios de musealización e as mesmas subseccións nas que se dividen algunhas salas recollen, en discurso e intención, a grande obra de síntese escrita por Xaquín Lorenzo co nome de *Etnografía. Cultura material*, dentro do ambicioso proxecto editorial dirixido por Otero Pedrayo e publicado en 1962 baixo o título de *Historia de Galiza*. Incluso aquelas salas que tratan cuestións que foron investigadas por outros autores de xeito máis exhaustivo e monográfico, caso da Sala do Mar ou a subsección de Cerámica, recollen no tratamento descriptivo dos fenómenos mostrados, na relevancia dada á ima-

xe e ao debuxo e na animación de actos e xestualidades, o tipo de relato etnográfico que recoñecemos na lectura da obra dita, sen prexuízo de que posteriormente recibiran novos aportes informativos da man de investigadores que estaban íntimamente vencellados ó proxecto cultural do MPG (Calo, 1980; G.Alén, 1981), chegando a remodelacións sucesivas das diferentes salas e seccións (Oleiros-Cerámica ou O Mar). Outros etnógrafos epígonos de NÓS ou da xeración do S.E.G., caso de Bouza-Brey, Antón Fraguas ou Taboada Chivite mostran o seu influxo, converxente co de Xocas, na museoloxía e museografía do MPG.

Problemas inherentes ás técnicas museográficas, os recursos sempre escasos que recibe o Museo do Pobo Galego ou indisponibilidade en moitos casos de pezas e

instrumentos representativos para ilustrar aspectos e quefaceres impediron nestes 20 anos a rescritura museográfica continua da antropoloxía galega que se acocha tra-la obra que serve de guión a tan relevante empresa cultural. Pero só o realizado é fedatario da relación especular entre texto e museo, o que mostra a virtualidade icónica e a versatilidade narrativa da etnografía de Xaquín Lorenzo, rasgos que reforzan a potencialidade antropolóxica dunha obra que debe ser lida e relida por etnomuseólogos e antropólogos, se queremos entender e reconstruír a xenealoxía do pensamento etnohistórico galego.

No cadro que xuntamos facemos un achegamento sumario á correlación entre a obra emblemática de Xaquín Lorenzo e o seu influxo na musealización do Museo do Pobo Galego:

*Detalle dunha maqueta da sala de Habitat e Arquitectura do MPG. A presenza do Seminario de Estudos Galegos.*



Foto Xenaro Martínez. Cedida polo Museo do Pobo Galego.



| <p>Estructura da obra<br/>Etnografía.<br/><b>CULTURA MATERIAL</b><br/>de Xaquín Lorenzo. 1962</p>  | <p>Itinerario museográfico do<br/><b>MUSEO DO POBO GALEGO</b></p>  | <p><b>COMENTARIOS</b></p>  |
|--|--|--|
| <p><b>Os elementos da casa</b></p> <p><b>A casa</b><br/><b>As dependencias da casa</b></p> <p><b>Construcións adxetivas</b><br/><b>Construcións comunais</b></p> | <p><b>Sala Hábitat e Arquitectura Popular</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Organización do espacio</li> <li>•Tipos de asentamentos</li> <li>•Paisaxe agrícola (peches)</li> <li>•Camiños e cruces</li> <li>•Construcións e elementos</li> <li>•Volumes, materiais e aparellos constructivos</li> <li>•Fachadas</li> <li>•Morfoloxía casa e tipoloxías xeográficas</li> <li>•Construcións adxetivas</li> </ul> | <p>Incorpora as maquetas do incipiente museo do S.E.G. e outras novas, así como unha sintética e precisa representación en maquetas e dioramas da paisaxe rural e da conformación das unidades bioxeográficas de Galicia</p>   |
| <p><b>A terra</b></p> <p><b>Os produtos do campo</b></p> <p><b>A facenda</b></p>   | <p><b>Sala do Campo (agricultura e gandeiría)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Territorio: evolución da paisaxe humanizada (cultivada)</li> <li>•Transporte: centralidade do carro e as bestas de tiro</li> <li>•Labores agrícolas</li> <li>•Gandeiría e Feiras</li> </ul>  | <p>A síntese de Xocas é aquí sintetizada novamente mediante unha construción museográfica fidel ao guiño marcado na obra de referencia, na que se integran outros aspectos como o transporte e o carrexo. A presentación da galería cultural (marcada en orixe pola museografía do Museo Nacional de AA.TT. PP. de París) vai combinada con modos mixtos de dioramas e paneis varios.</p>  |
| <p><b>Os produtos do mar</b></p>   | <p><b>Sala do Mar</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•A memoria galega do mar (complem. audiovisual)</li> <li>•Tipoloxías de embarcacións</li> <li>•Gran maqueta da construción naval</li> <li>•As artes de pesca no mar</li> </ul>  | <p>Sala varias veces reformada: conxugación dos elementos reais (embarcacións), con soportes audiovisuais e maquetismo modelado mediante a forma museográfica da galería cultural (maqueta construción naval)</p> <p>Nesta sala hai a obra de Xaquín Lorenzo non dirixe xa o discurso museográfico, pois son as aportacións posteriores en etnografía e antropoloxía pesqueira as que marcan o guión. Si hai unha presenza da súa obra no aspecto gráfico e iconográfico destacadamente na representación das artes de pesca, refeito, recreado e incrementado polos magníficos debuxos de X.R. Pena (singularmente na tipoloxía das embarcacións)</p> |





|  |  |  |
|--|--|--|
| <b>Os produtos do río</b>  | <b>Musealización non desenvolvida</b>  |  |
| <b>A conservación da pesca</b>   | <b>Sala do Mar</b>   | Parcialmente tratado nela. Falta a evolución industrial  |
| <b>A caza</b>  | <b>Musealización non desenvolvida</b>  |  |
| <b>A mineiría</b>  | <b>Musealización non desenvolvida</b>  | X.Lorenzo fala das actividades extractivas do ferro, do estano, do ouro, do wolfram ou da pedra, que se implican en oficios e producións tratadas na ferrería ou na relativa aos pedreiros (si museografiadas nas salas de oficios do MPG).  |
| <p><b>Os oficios</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Latoeiros</b></li> <li>• <b>Zapateiros</b></li> <br/> <li>• <b>Afiadores e paragüeiros</b></li> <li>• <b>Zarralleiros e Cantorleiros</b></li> <li>• <b>Albardeiros</b></li> <br/> <li>• <b>Oleiros** e Telleiros</b></li> <br/> <li>• <b>Carpinteiros</b></li> <br/> <li>• <b>Serranchíns</b></li> <li>• <b>Ferreiros</b></li> <li>• <b>Ferradores***</b></li> <li>• <b>Pedreiros e Canteiros</b></li> <li>• <b>Carboeiros****</b></li> </ul> | <p><b>Sala de oficios (I)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Latoeiros</li> <li>• Zapateiros e Zoqueiros*</li> <br/> <li>• Afiadores e Paragüeiros</li> <br/> <li>• Cerralleiros e Cantorleiros</li> <li>• Albardeiros</li> <br/> <li>• Telleiros</li> <br/> <li>• Carpinteiros</li> <br/> <li>• Serranchíns</li> <li>• Ferreiros e Ferradores***</li> <li>• Pedreiros e Canteiros</li> <li>• Mineiros e Carboeiros****</li> </ul> | <p>* Os zoqueiros son tratados na obra de Xocas dentro das variantes dos carpinteiros como facedores de "paus de chancas". No MPG son considerados conxuntamente.</p> <p>** Os oleiros reciben tratamento especial no MPG, debido aos traballos monográficos dos irmáns García-Alén.</p> <p>*** Non hai discrepancia na secuencia coa que se tratan estes oficios emparentados pola produción (uns) da materia prima que precisan os outros.</p> <p>**** Entendidos os mineiros como extractores de ferro para as ferreirías. Xocas utiliza o termo mineiro para os que furan a terra na procura de auga. Os oficios</p> |



|   |  |  |
|---|--|--|
| <p><b>Os oficios</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Penereiros</b></li> <li>• <b>Penteiros</b></li> <li>• <b>Albañís</b></li> <li>• Ourives</li> <li>• Mineiros</li> <li>• Curtidores e coireiros</li> <li>• Muíñeiros e Foloeiros</li> <li>• Forneiros</li> <li>• Chiculateiros</li> <li>• <b>Redeiras</b></li> <li>• <b>Veleiros</b></li> <li>• <b>Xastres e costureiras</b></li> <li>• <b>Palilleiras</b></li> <li>• <b>Mazadeiras, fiandeiras e teceláns</b></li> <li>• Leiteiras, rianxeiras e lavandeiras</li> <li>• Castañeiras</li> <li>• Criadas e damandadeiras</li> <li>• <b>Xornaleiros</b></li> <li>• <b>Seitureiros</b></li> <li>• Fogueteiros</li> <li>• Feirantes</li> </ul> | <p><b>Musealización non desenvolvida de xeito monográfico</b></p>  | <p>Varios dos oficios e actividades que completan a densa relación feita por Xocas e dos que describe as súas singularidades son tratados no MPG dentro de oficios con especializacións menores ou aparecen disoltos na musealización global de procesos de traballo ou de relacións de produción máis complexas.</p> <p>Algúns especializan técnicas dentro da carpintería, outros do vestido ou do encaixe, outros da construción e outros se inscriben nos procesos de produción asociados a diferentes cultivos, caso do liño ou o cereal.</p> |
| <p><b>Oleiros</b></p>   | <p><b>Sala de Oleiros</b><br/>(remodelada sobre a de cerámica anterior)</p>  | <p>Información complementada cos estudos de L. G.-Alén. O obradoiro museografiado co modelo da galería cultural.</p>   |
| <p><b>Cesteiros</b></p>   | <p><b>Sala de Cestería</b></p>   | <p>Cuestión ben coñecida pola obra de Xocas e a monografía de Bouza-Brey</p>   |
| <p><b>Os tecidos</b></p>  | <p><b>Sala Oficios urbanos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">• Prateiros</li> <li style="width: 50%;">• Acibecheiros</li> <li style="width: 50%;">• Picheiros</li> <li style="width: 50%;">• Eborarios</li> </ul> | <p>Aquí é a obra de A. Fraguas a que rexe o tratamento museolóxico dado a estes oficios viles e compostelanos</p>  |
| <p><b>O traxe</b></p>   | <p><b>Sala do Traxe</b><br/>(remodelada)<br/><b>Encaixe</b><br/>(prolongación traxe)</p>   | <p>Traslación museográfica directa da presentación de X. Lorenzo. Non hai unha ambientación de galería cultural</p> <p>Unha museografía que concede á exposición estética un protagonismo implicado na lóxica do elemento mostrado e explicado: a vestimenta. A obra de Fraguas asoma aquí nidamente.</p>  |
| <p><b>Gaiteiros e músicos</b></p>   | <p><b>Sala instrumentos musicais e Taller de Gaitas</b></p>  | <p>Coherente continuación expositiva do tema anterior. O adorno e un saber artesanal altamente especializado demandan un tratamento espacial a parte dos restantes oficios.</p>  |
| <p><b>A matanza</b></p>   | <p><b>Musealización non desenvolvida</b></p>   |  |
| <p><b>O camiño</b></p>  | <p><b>Sala Habitat e Arquitectura</b></p>  | <p>Incluído na musealización desa sala</p>   |
| <p><b>O carrexo</b></p>   | <p><b>Sala do Campo</b></p>  | <p>Incluído na musealización desa sala</p>   |
|   | <p><b>Sala Prehistoria</b><br/>(xérmolo <b>Sección Hª de Galicia</b>)</p>  | <p>Utilízase provisoriamente utilizada unha exposición temporal ("Galicia. Nas orixes dunha cultura").</p> <p>A procura museolóxica dun tratamento relevante para a historia e as orixes lembra a concepción evolucionista e histórico-cultural dos homes de NÓS e do S.E.G., pero sitúa curiosamente ao MPG na vangarda dunha museoloxía que procura reconciliar nos museos antropolóxicos e de sociedade o tempo e o espazo.</p>   |



A conciencia que Xaquín Lorenzo tiña da necesidade de documentar e musealizar o patrimonio antropolóxico galego está doadamente reflectida non só na configuración da súa obra investigadora, senón explicitada en textos escritos que reivindicaban unha transformación do patrimonio en memoria social activa. A dependencia do seu pensamento histórico e etnográfico dun evolucionismo perceptible sempre e a alusión reiterada aos valores esenciais, que permanecen á marxe das mudanzas técnicas e económicas da sociedade, dan boa fe da intención extraacadémica (polo tanto sociocultural) da reconstrución etnohistórica que el e os outros membros de NÓS e do S.E.G. realizan.

Nun traballo conmemorativo do Seminario de Estudos Galegos (1966) concreta as intencións dos traballos e xeiras do S.E.G. e fala da acción emprendida para crear un *museo etnográfico de Galicia*, saudando con ledicia o proxecto do Museo do Pobo Galego, que el coidará culminación da súa tarefa etnográfica. Isto explica a indisociabilidade da teima compiladora que caracteriza a súa investigación de campo do labor reconstructor da identidade galega, como Gonzá-

lez Reboredo ten salientado (1996). Este obxectivo arrinca das súas primeiras colaboracións no *Arquivo filolóxico e etnográfico de Galicia* promovido por Risco na revista *Nós* e mantense nun artigo sobre a “vivenda e a terra” publicado en 1988, no que deixa un testemuño enormemente ilustrativo da concepción -mantida ata o remate da súa vida- do valor cultural (antropolóxico) atribuído ao patrimonio etnográfico:

*“Dous problemas temos prantexados, polo de hoxe, coa vivenda campesina: o primeiro é o da adaptación ás novas técnicas introducidas no noso campo; o segundo, a necesidade de conservar a personalidade de iste elemento da cultura popular, que nunca debe de perder a orixinalidade e xeito propio de ser.”*

**NOTA:** As citas son todas da obra de Xaquín Lorenzo: *Etnografía. Cultura material* (1962), a excepción das que se fai indicación expresa doutra obra.



## BIBLIOGRAFÍA:

BALBOA, X. 1988. "As vicisitudes do monte en Galicia, 1825-1925: intervencionismo administrativo e privatización campesiña". En R. Villares (Ed.), *Donos de Seu. Estudos de historia agraria de Galicia*. Santiago. Ed. Sotelo Blanco.

BOUZA-BREY, F. 1992. *Os cesteiros galegos e a súa fala gremial*. Alicerces, nº1. Museo do Pobo Galego.

CALOLOURIDO, F. 1978. *La cultura de un pueblo mariner. Porto do Son*. Madrid. Universidades de Santiago.

—————. 1980. "As artes de pesca". *Cadernos do Museo do Pobo Galego*, nº1. Santiago de Compostela.

CARDESÍN DÍAZ, J. M. 1999. "Mercado, Estado e Aldea: a construción do campesiñado en Galicia". En *O Feito diferencial galego. III. Antropoloxía*. Santiago. Museo do Pobo Galego.

FERNÁNDEZ PRIETO, L. 1992. *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*. Vigo. Ed. Xerais

FRAGUAS FRAGUAS, A. 1985. *El traje gallego*. Catalogación arqueológica y artística de Galicia. A Coruña. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

GARCÍA ALEN, L. 1983. *La alfarería en Galicia*. Fundación Barrié de la Maza.

GARCÍA MARTÍNEZ, M. C. (dir.) e FERNÁNDEZ CERVIÑO, M<sup>a</sup> X. (ed.). 1997. *Museo do Pobo Galego, 1977-1997*. Santiago.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. 1966. "A obra etnográfica de D. Xaquín Lorenzo Fernández". En Fraguas e Fidalgo (Coords.) *Tecnoloxía tradicional. Dimensión patrimonial. Valoración antropolóxica*. Santiago. Consello da Cultura Galega.

ITURRA, R. 1988. *Antropología económica de la Galicia Rural*. Xunta de Galicia.

LOIS GONZÁLEZ e PIÑEIRA MANTIÑÁN, 1998. "Os espacios construídos en Galicia: persistencias da cultura labrega despois do proceso de urbanización". En Seixas, Pereiro e Santos (Coords.) *Cultura, Arquitectura: Incursións antropolóxicas no espazo construído*. Santiago. Ed. Lea.

LORENZO FERNÁNDEZ, X. 1962. *Etnografía. Cultura material*. Buenos Aires. Ed. NÓS.

—————. 1978. "A Seición de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos". En *Testemuñas e perspectivas en homaxe ao S.E.G. Ed. do Castro*.

—————. 1988. "A vivenda e a terra" En *Alternativas estruturais e producións agrícola-gandeiras*. Santiago. Seminario de Estudos Galegos.

RUIZ, B. 1967. "Un patrimonio de andar por casa. Una proposta para entender el concepto de patrimonio". En *Actas do III Congreso de H<sup>a</sup> da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*, tomo II. Pontevedra.

SIERRA RODRÍGUEZ, X. C. 1995. "Los museos etno-antropológicos de Galicia. Panorama, casos y reflexiones". En *NÓS/OTROS. Anales del Museo Nacional de Antropología*, II. Madrid.

—————. 1999. "Experiencias de patrimonialización e musealización. Identidade local en concellos non urbanos". En *O Feito diferencial galego. III. Antropoloxía*. Santiago. Museo do Pobo Galego.

—————. 1999a. "O patrimonio etnográfico. Procesos de patrimonialización en Galicia". En X.M. G. Reborado (Coord.) *Galicia Antropoloxía*. No prelo